

CEMETERY OF SPLENDOUR

104

[Apichatpong Weerasethakul, 2015]

ESTREA EN NUMAX: 13.04.2016 | V.O.S.E. | +12

Rak ti Khon Kaen (2015, 122')

Dirección: Apichatpong Weerasethakul

Guión: Apichatpong Weerasethakul

Reparto: Jenjira Pongpas, Banlop Lomnoi, Jarinpattr Rueangram, Petcharat Chaiburi, Tawatchai Buawat, Sakda Kaewbuadee, Sujitraporn Wongsrikeaw, Bhattaratorn Senkraigul

Montaxe: Lee Chatametikool

Dirección de arte: Pichan Muangduang

Son: Richard Hocks

Vestuario: Phim U-mari

Fotografía: Diego García

Produtora: Kick the Machine (Tailandia), Anna Sander Films (Francia), Match Factory Productions, ZDF/Arte (Dinamarca), Geißendörfer Film (Alemaña), Astro Shaw (Malasia), Asia Culture Centre-Asian Arts Theatre (Corea do Sur), Detalle Films (México)

Distribuidora: Noucinemart

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Mekong Hotel, 2012

Tío Boonmee recuerda sus vidas pasadas, 2010

Phantoms of Nabua, 2009

[*curtametraxe*]

Síndromes y un siglo, 2006

Tropical Malady, 2004

Blissfully Yours, 2002

Mysterious Object at Noon, 2000

PREMIOS

Cannes 2015 (nomeado ao mellor filme na sección *Un certain regard*), Sitges 2015 (sección oficial).

SINOPSE

Nun pequeno pobo de Tailandia, vinteseite soldados sofren un estraño caso da enfermidade do sono. Unha escola primaria abandonada convértese nun pequeno hospital onde Jenjira Widner, unha señora de mediana idade casada con Frank, un soldado retirado dos Estados Unidos, coida deles.

«Weerasethakul reclama unha lectura política deste traballo. Hai un discurso, intelixíbel e universal, sobre a empatía como trincheira entre as turbulencias da memoria e as perplexidades do presente»

Jordi Costa. EL PAÍS



CEMETERY OF SPLENDOR

[Apichatpong Weerasethakul, 2015]

Entrevista con Apichatpong Weerasethakul

Por Amir Ganjavie

O soño, a realidade e o espírito humano son temas que impregnan todos o teu traballo. En que se diferencia o tratamento destes elementos en *Cemetery of Splendour* fronte aos teus filmes anteriores?

Comparado cos meus traballos anteriores, coido que *Cemetery of Splendour* é máis persoal. Aquí estou realmente interesado nas limitacións do cinema, os seus códigos, e unha chea de experimentacións formais que teñen máis a ver cun traballo emocional ca intelectual. Pois iso todo o filme está gravado na miña vila natal. Co exército custodiando o país, ás veces sinto que a xente se atopa confusa arredor do futuro, e necesita fuxir. Unha maneira de fuxir é o soño, durmir e vivir unha realidade diferente.

Semella que nos atopamos ante un filme sobre a memoria, e sobre como o recordo do pasado agroma sempre no presente. Si, sempre me interesou como funciona a memoria e como remata configurada pola experiencia, especialmente a experiencia de ver filmes. Para a nosa xeración, coido que o cinema ten unha grande influencia na maneira en que lembramos as cousas. O meu traballo vai sobre todo diso, procura unha ollada cara a cada espazo para ver o que acontece no mundo material e máis no interior dos actores e os espectadores. É case coma un xogo, o xogo de ver.

Bruno Dumont, que é un cineasta ateo, dixo unha vez que no cinema pode haber deuses porque podes facer o que queiras, podes por milagres en escena. Porén, non podo imaxinar ver un milagre representado no teu cinema. Cales son os teus pensamentos sobre a presenza de Deus no cinema? Coido que as relixións son perigosas para a humanidade, ese é o meu punto de vista persoal, e ese é o problema de representar a Deus nun filme. Tan só estaría a repetir a imaxinaria e as iconas do pasado, co cal coido que é mellor parar de facelo. Debemos mirar cara a diante. Cando

menos para min, sería preferíbel camiñar cara a unha sociedade onde as deidades desapareceran e un filme pode evocar visualmente a imaxinación de diferentes persoas no canto de repetir as mesmas imaxes de xeración en xeración.

Daquela porque estás tan interesado nos elementos sobrenaturais?

Coido que o meu último filme reflicte os efectos da superstición nun país, todo o filme séntese como un feito. Un pode sentirse como adormecido ou confundido por saber se o que vemos é soño ou realidade. Coido que na superficie pode semellar un filme moi pacífico, mais dentro agóchase unha treboada de inestabilidade e un pouco de tolemia.

Por que gravaches o filme na túa cidade natal, Khon Kaen? É moi raro filmar fóra de Bangkok, pois é moi caro mover toda a equipa a outro lugar, co cal habitualmente ficamos aquí. O caso é que quería realizar o meu último filme en Tailandia, pois cada vez me atopo máis restrinxido arredor dos temas a tratar nos meus filmes, e o mellor lugar para dicirlle adeus era a miña vila natal.

Tamén tes mencionado que querías criticar a globalización facendo especial énfase na cultural local da túa vila. Coido que neste filme tentei rememorar a esencia do lugar no que me criei, a vella escola e o hospital. A miña familia vivía no hospital e estiven 15 anos vivindo alí, co cal estamos ante unha mestura de varios espazos nun só.

Por que hai unha persoa americana no filme? Porque na vida real Jenjira casou cun americano hai catro anos. Moitos dos diálogos están baseados na vida real.

Como definirías *Cemetery of Splendour* en termos de estilo?

Neste filme tentei harmonizar o ritmo do filme co da vila. Coido que vai máis rápido ca os meus filmes anteriores, mais trátase dun xogo. Ao comezo o ritmo é bastante convencional, porén, aos poucos, a fita colle o tempo de Jenjira e o filme remata posuído por ela, por tanto acalma e camiña cara ao onírico.

Extraído de: <http://sensesofcinema.com/2015/feature-articles/apichatpong-weerasethakul-interview/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Uncle Boonmee. Recuerda sus vidas pasadas.
Apichatpong Weerasethakul. Karma [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org